




CATÁLOGO ANPAS 2027



Somos BUSEANDOPORGALICIA, unha axencia de viaxes especializada en excursións culturais ou de experiencias en grupo, con N° de Autorización: XG-611. Dirixímonos a vostedes para presentarvos unha serie de propostas de posibles actividades para a vosa comunidade educativa. Aquí móstranse unhas liñas xerais xa que as propostas son adaptables en canto ao itinerario, o tamaño do grupo ou as datas de realización. Non dubidedes en poñerte en contacto con nós para calquera proposta ou proxecto.

Déixate Viaxar !!!



SAÍDAS AMBIENTAIS CON GUÍAS ESPECIALIZADOS

Queres que a rapazada goce aprendendo? En colaboración cunha empresa de profesionais ambientais, cun método baseado na experiencia e na participación activa, poderás levar a cabo actividades de índole educativa, novidosa e orixinal.

Pequenas andainas para a comprensión e entendemento do medio, visitas a lugares moi significativos, actividades de tratamento e aproveitamento de residuos, visitas ou accións a lugares cun gran patrimonio arqueolóxico e natural, e todo isto cos servizos necesarios o complementarios, como son o transporte, merendolas, entradas, campamentos ou outros aloxamentos, etc.

Pregunta polos nosos proxectos máis concretos e orixinais: A Lingua das Aves, Detectives do Medio, O Mundo das Mareas, Os Tempos nos que non había Ibuprofeno nen TIK-TOK...

Divertirse coa natureza!

PARQUES ACUÁTICOS



Auga e xogos nun mesmo espazo. Cativos e maiores poderán gozar dunha increíble xornada nalgún dos parques acuáticos de Galicia e Portugal, como o Aquapark de Cerceda, o Amarante Water Park, o Parque Acuático de Fafe, ou o Naturwater Park en Vila Real. Xa sexa desfrutando no parque o día completo, ou empregando a mañá para unha visita cultural e descanso a tarde, non te quedes cas ganas dun día espectacular na auga.

Tobogáns e diversión por un tubo!

PARQUES DE AVENTURAS




Días de ocio e diversión na natureza nalgún dos ecoparques máis populares de Galicia e Portugal. Decenas de actividades que farán as delicias de pequenos e maiores, entre as que destacan: circuítos arbóreos, tirolinas, escape rooms, descenso en kayak, paintball familiar, paseos en cabalo ou tiro con arco.

Algún dos que poderás elixir son o Ecoparque de Marín, o Galipark, o Ecoparque Atalaia en Viascón, ou o Pena Aventura Park en Vila Real. Se queres algo máis de emoción, decídete por pasar 1 noite ou máis nalgún dos campings que contan con todas estas actividades e máis, como o Camping Rural Ría de Arosa 2.

Días de aventura!

RUTAS DE SENDERISMO



Saudables rutas pola natureza que achegarán a maiores e pequenos aos espazos naturais – e non tan naturais– máis sorprendentes do panorama galego. Algunhas das máis populares son as Fragas do Eume, a Fervenza do Ézaro, a Ruta dos Faros, o Paseo dos Xigantes, o Sendeiro Azul de O Torno ou o Paseo de Candieira.

Desfruta dunha xornada única, rodeada de natureza e emoción. Ti elixes o destino, a duración e a dificultade. A andar!

De paseo todos xuntos!

AGROTURISMO, MÁIS QUE APRENDER



Ecoagroturismo: a mellor forma de dar a coñecer e concienciar aos pequenos no coidado e respecto polo noso medio natural e rural. Actividades e comida saudable en plena natureza. Poderedes desfrutar de: Granxa e horta, tiro con arco, comida con produtos da granxa, exposición dunha casa do rural galego ou paseo a cabalo.

Algunha destas granxas-escolas son a Casa Grande de Xanceda, a Granxa Escola Fervenza da Toxa, ou a Casa do Queixo de Grixalba.

Granxeiros por un día!

COÑECENDO A FAUNA



Nestas magníficas excursións ofrecemos a oportunidade de coñecer e ver de cerca algún dos animais favoritos dos máis pequenos, xa sexan terrestres ou acuáticos.

O Acuario Finisterrae da Coruña, con máis de 300 especies diferentes, o acuario do Grove, o Avifauna con 200 especies de aves dos cinco continentes, ou o Parque Marcelle Natureza; serán algúns dos enclaves elixidos para compartir momentos de diversión e aprendizaxe.

Desfrutando cos animais!

GALICIA ARQUEOLÓXICA

Xornadas familiares de ocio e cultura visitando e coñecendo o patrimonio arqueolóxico galego máis relevante, aquí o aprendizaxe e diversión van da man.

Necesitas algún exemplo? Aquí os máis interesantes: o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, os Castros de Baroña, o Dolmen de Dombate, Aquis Querquennis, a Muralla de Lugo, o Castro de Santa Trega, ou os Petróglifos de Mogor.

Mundos para disfrutar!

EXCURSIÓNS



Queres desfrutar dun día en compañía dos teus amigos, sen deixar de lado coñecer un pouco máis a nosa terra? Galicia ten todos os destinos que necesitas e máis.

Podes embarcarte a unhas das nosas illas como as Cíes ou Ons. Podes descubrir os encantos das cidades galegas como Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo. Podes coñecer algunha das nosas rexións máis coñecidas como a Ribeira Sacra, a Mariña Lucense, a costa norte da provincia da Coruña ou o Baixo Miño. E porque non coñecer de primeira man algunha festa autóctona como o entroido galego? Centos de destinos por descubrir.

Comezando a recorrer Galicia!

GRANDES VIAXES PARA OS MÁIS PEQUENOS



E se queres nunha maior aventura, non te quedes sen a oportunidade de pasar uns días nalgunha zona de España ou Portugal do voso gusto, cheas de oportunidades culturais, de aventuras ou de relax.

Algúns exemplos son: Cantabria co Parque de Cabárceno, Santander ou a Cova-Museo de Altamira; Asturias co Descenso do Sella, Os Lagos de Covadonga ou Oviedo; Madrid co Parque Warner, o Museo do Prado ou o Palacio Real; ou unha ruta polas Médulas e coñecer así o Bierzo,...

Estancia completas para os cativos!

CONTACTO

TELÉFONO e WHATSAPP

644 719 008

981 866 225

EMAIL

info@buseandoporgalicia.com

WEB

www.buseandoporgalicia.com

ENDEREZO

Plaza Virxe da Guadalupe, 5 - 1ºB
15920 Rianxo (A Coruña)





www.buseandoporgalicia.com